


PROPOSTA BNG PARA A RECUPERACIÓN PRODUCTIVA DAS RÍAS GALEGAS.

Fondos UE-Covid



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

XANEIRO 2021

PROPOSTA BNG PARA A RECUPERACIÓN PRODUTIVA DAS RÍAS GALEGAS. Fondos UE-Covid

A presente proposta ten en conta a actual distribución de competencias existente a día de hoxe no ámbito marítimo-pesqueiro no noso país. Aínda sendo conscientes que un proceso de asunción para Galiza de competencias claves en materia de investigación, ordenación do sector, portos e infraestruturas, dominio público marítimo e marítimo-terrestre, titulacións profesionais, concas hidrográficas, mar territorial, condicións sociolaborais de traballadoras e traballadores do mar, loita contra a contaminación mariña, inspección e control, etc., sen dúbida representaría un paso adiante moi importante na defensa, dignificación e desenvolvemento desta actividade produtiva, e de incremento de riqueza e postos de traballo dignos, as medidas que de seguido se enumeran, previstas para a súa incorporación aos fondos UE de recuperación pola crise da Covid-19, insírense no actual marco legal e estatutario.

0. INTRODUCCIÓN.

0.1. Situación actual. Zonas A,B,C. Estando clasificadas as augas de mar en función da súa contaminación microbiolóxica en tres categorías: “A” (<230 E. coli, augas limpas: o marisco pódese consumir directamente), “B” (230 a 4.600 E. coli, augas contaminadas: o marisco ten que pasar por unha depuradora que elimine as bacterias fecais), e “C” (4.600 a 46.000 E. coli augas moi contaminadas o marisco non se pode consumir). É por iso que non é entendíbel que a finais de 2020 aínda permanezan zonas C en:

- Foz (GAL 01/04)
- Viveiro (GAL 01/7 e 01/06-2)
- Ferrol (GAL 03/05 e 03/08-1) ademais dunha zona sen clasificar (A Malata),
- Ría de Ares e Betanzos (GAL 04/06, 04/07 e 04/08)
- Ría de Vigo (GAL 11/03).

As “Zonas C” galegas son practicamente as únicas de todo o estado español, o cal provoca grandes perdas ao sector marisqueiro e dana unha imaxe que debera estar despexada. Isto ten que mudar. O saneamento ten que ter como obxectivo que toda a costa galega estea clasificada como A, ou no peor dos casos como B, mais non pode existir unha soa zona cunha clasificación peor. Cómpre potenciar e/ou redeseñar o sistema actual de saneamento para acadar ese obxectivo.

0.2. O que representa hoxe en termos de emprego e produción. Galiza presenta unha capacidade produtiva inigualábel en Europa. Os afloramentos de nutrientes habituais no verán e a ampla costa galega coas súas rías, crea un ecosistema único no mundo cunha riqueza e biodiversidade que dan orixe a unha gran produción marisqueira e pesqueira tanto en cantidade como en calidade. Tendo en conta isto, debera ser un obxectivo prioritario do Goberno

PROPOSTA BNG PARA A RECUPERACIÓN PRODUTIVA DAS RÍAS GALEGAS. Fondos UE-Covid

galego ter unha calidade de auga que garanta esa biodiversidade e capacidade produtiva.

Tanto o traballo directo como o valor xerado neste sector é importantísimo. A isto debemos sumar toda a economía que se move arredor: desde transporte até procesamento, construción naval, cordelaría, envasados, estiba e actividades portuarias, comercialización, e un longo etcétera. Así, este sector segue a ter unha importancia vital na economía galega.

Galiza é o territorio da UE obxectivamente máis dependente da pesca, aínda que nunca o recoñeceron formalmente como tal. En 2020, a frota pesqueira galega que desenvolve a súa actividade no litoral do noso país, está conformada por:

- 53 buques de arrastre litoral
- 152 buques do cerco
- 21 palangreiros de fondo
- 52 palangreiros de superficie
- 25 embarcacións de enmalle (rascos e volantas)
- 3.845 embarcacións de artes menores (pesca de baixura e marisqueo a frote)

Ademais, hai outras 1.270 embarcacións auxiliares de apoio ás bateas mexilloeiras.

- Mexillón: Produción de 240.000 tns./ano (3.300 bateas)
- Marisqueo (bivalvos): 8.800 tns.
- Conserva: 12.000 empregos (296.000 tns./ano de produción): 87% da produción do Estado, e 1ª potencia da UE.
- Capturas peixe fresco: 187.000 tns.

0.3. Potencialidade futura. A capacidade real de xeración de traballo directo e indirecto vai mais alá das cifras de comezos da regularización do marisqueo, xa que nesa época xa había un grande número de bancos marisqueiros perdidos e se traballaban menos especies que agora. Cómpre tamén ter en conta dous aspectos moi importantes deste traballo:

- Gran parte del é realizado por mulleres, tanto no directo, mariscadoras e mariñeiras como no indirecto, redeiras, peixeiras...
- A pesca e Marisqueo ao estar distribuídos ao longo da costa, fixan poboación en aldeas, vilas... evitando o despoboamento e xerando riqueza.

Galiza debe ter unha estratexia propia de aproveitamento dos recursos do mar. Este sector pode e debe ser un dos principais motores da nosa economía que

PROPOSTA BNG PARA A RECUPERACIÓN PRODUTIVA DAS RÍAS GALEGAS. Fondos UE-Covid

leve e distribúa riqueza ao longo de toda a nosa costa, e é quen, ademais, de crear milleiros de postos de traballo dignos.

1. CONTROL DOS RÍOS.

A principal fonte de auga doce nas rías é a aportada polos ríos, mais non é simplemente auga: son sales minerais esenciais para o crecemento do plancto e das algas, comezo da cadea trófica.

1.1. Obras de depuración. Se a auga dos ríos que chega ás rías non está depurada, deixan de ser unha fonte de vida, para se transformar en morte. Para podermos ter unhas rías vivas e produtivas é preciso que as cidades, vilas ou aldeas que verten augas arriba teñan depuradas integramente as súas augas residuais. Isto inclúe tamén as explotacións gandeiras. É importante tamén ter en conta o uso de fertilizantes na agricultura: un exceso que sexa lavado polo chuvia, pode crear graves problemas á súa chegada ao medio mariño. Polo tanto só con un control estrito podemos manter uns ríos limpos e vivos par poder ter as rías nas mesmas condicións.

1.2. Control verteduras (urbanas e industriais). Os ríos verten ao fondo das rías, isto é, na zona onde a influencia mariña é menor. É por iso que o efecto de calquera tipo de vertedura que se realice augas arriba vai provocar graves danos nas zonas de esteiros das rías que son normalmente as máis ricas. Non só os contaminantes biolóxicos ou químicos, senón simplemente material en suspensión acrecentado polos vertidos sen depurar, vai provocar que o proceso de sedimentación nas zonas dos fondos das rías se acelere. No caso de que o material en suspensión teña unha porcentaxe importante de materia orgánica, vai provocar ademais a creación de zonas anóxicas fedorentas (pola descomposición anaerobia) rematando finalmente en zonas abióticas. É por todo isto que é imprescindible o control absoluto dos vertidos nos ríos para protexer as zonas mais delicadas e ricas das rías.

1.3. Control de encoros. Os encoros, independentemente do seu uso, deben manter o caudal ecolóxico do río, para que este permaneza san, mais tamén é imprescindible controlar os baleirados, xa que estes son os causantes de grandes mortalidades de bivalvos nas rías pola baixada brusca da salinidade e polo arrastre provocado que chega ás veces a facer desaparecer bancos marisqueiros completos. Sexan de quen sexan os encoros e o uso a que estiveran adicados terán que estar baixo control do goberno galego para impedir as habituais prácticas que se realizan con eles, pensando só no seu uso e non nos efectos que podan provocar mais abaixo. As actuacións incluirán:

PROPOSTA BNG PARA A RECUPERACIÓN PRODUTIVA DAS RÍAS GALEGAS. Fondos UE-Covid

- Protocolo de desaugamento de encoros pola afección á salinidade das augas e perda de produtividade marisqueira (exemplo: bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla).
- Estudo dos efectos da contaminación dos encoros nas augas fluviais e marítimas (exemplo Umia, Eume...) e medidas de prevención e corrección.
- Estudo para o desmantelamento de encoros con afección negativa á biodiversidade, calidade das augas e saúde pública

2. RECUPERACIÓN DAS RÍAS.

2.1. Depuración e saneamento das rías: EDAR's, redes e conexións, control verteduras, etc. En 2019, 1.575 verteduras detectadas e confirmadas por Augas de Galiza. Todos os asentamentos humanos arredor das rías teñen que ter depuración integral das súas augas residuais, do mesmo xeito as industrias deben ter depurados todos os efluentes que parten delas, non pode chegar ao mar ningún vertido, químico ou biolóxico, tamén as alteracións físicas poden provocar graves danos. O obxectivo é impedir a polución biolóxica, química ou física do mar. O método de tratamento pode ser diverso cando son volumes pequenos, mais cando se trata de depurar as augas residuais de grandes vilas ou cidades, as redes de saneamento das EDAR's deben contar con sistema de separativas, e non só con recollida de augas residuais, deixando que a auga de chuvia chegue ao mar. No caso das cidades, os primeiros minutos de chuvia deben ser recollidos polo sistema de saneamento debido ao lavado das rías e arrastre de contaminantes, mais despois debe chegar ao mar. No noso país fica aínda un longo camiño por percorrer, xa que toda a maioría da depuración é unitaria, e isto ademais de provocar un custo adicional en bombeos e depuración furta ao medio mariño a auga de chuvia que debe chegar ao mar.

As 18 rías galegas precisan de actuacións nesta materia, en maior ou en menor medida:

- Ribadeo (negociación dun acordo co Principado de Asturias)
- Foz. Prioridade: eliminación de Zona C.
- Viveiro. Prioridade: eliminación de Zonas C.
- O Barqueiro.
- Ortigueira.
- Cedeira.
- Ferrol. Prioridade: eliminación de Zonas C.
- Ares e Betanzos. Prioridade: eliminación de Zona C.
- O Burgo.
- Corme e Laxe.
- Camariñas.
- Corcubión.
- Muros e Noia.

PROPOSTA BNG PARA A RECUPERACIÓN PRODUTIVA DAS RÍAS GALEGAS. Fondos UE-Covid

- Arousa.
- Pontevedra.
- Aldán.
- Vigo. Prioridade: eliminación de Zona C.
- Baiona.

As actuacións singulares a desenvolver en cada ría, incluírán un Plan de eliminación de vertidos contaminantes, así como un Plan de construción de redes de saneamento separativas nas vilas e cidades da beiramar, de mellora de EDAR con deficiencias técnicas, e de construción de novas EDAR nas rías galegas e nas concas fluviais

2.2. Recuperación de espazos danados por obras públicas no mar, recheos etc. É preciso realizar estudos rigorosos previos a calquera intervención no medio mariño, e no caso de ser necesaria a súa execución, buscar a intervención mais respectuosa e medidas que minimicen o impacto. Mais na actualidade hai demasiadas infraestruturas realizadas sen ningún estudo previo, pensando só no uso e non no impacto provocado, ademais do uso fraudulento das beiras das nosas rías como xeito de conseguir terreos baratos. Como exemplo a ría de Ferrol, que perdeu só no pasado século XX un 10% da súa superficie. Esta forma de actuar tivo moi graves repercusións nas nosas rías. En ocasións, unha simple infraestrutura cun pequeno volume de recheo provoca un dano inmenso pola alteración e/ou case anulación de correntes mariñas. A día de hoxe algunhas infraestruturas portuarias, viarias ou industriais que están infrautilizadas, ou en desuso total, poden e deben ser eliminadas restablecendo na medida do posíbel a situación previa. O custo destas recuperacións será menor que o beneficio a longo prazo desas actuacións.

Tendo en conta as previsións do POL e outros documentos, desenvolverase un Plan de recuperación de terreos de dominio público marítimo-terrestre con especial atención a humidaís, xunqueiras, sistemas dunares, zonas inundábeis, etc., así como medidas para o traslado de equipamentos (edificios públicos), industrias e outras edificacións que non teñan relación directa co mar. Exemplo: na ría de Vigo, reversión de recheos e moratoria de novos aterros, e desenvolvemento da PLISAN como Porto Seco.

2.3. Estudo interdisciplinar sobre a calidade das augas. Resulta urxente realizar un estudo integral e interdisciplinar sobre contaminación e calidade das augas das rías galegas, xa que até o momento só se fixeron estudos parciais promovidos por confrarías e organizacións sectoriais. Este estudo debería avaliar tamén as causas da perda de produtividade e de mortalidade nos bancos marisqueiros. Fundamentalría, desde unha perspectiva científica, o plan ou conxunto de medidas para a recuperación e rexeneración das rías.

2.4. Rexeneración dos substratos, dragaxes. Tanto desde o aspecto ambiental como o paisaxístico, sanitario e produtivo, a degradación dos substratos e

PROPOSTA BNG PARA A RECUPERACIÓN PRODUTIVA DAS RÍAS GALEGAS. Fondos UE-Covid

procesos de terrestificación danan gravemente as rías. Non podemos obviar esas situacións que en menor ou maior medida se dan en todas elas. Renunciar á súa recuperación é renunciar ao noso maior valor natural. As medidas a adoptar serán diversas e adaptadas as circunstancias de cada situación, mais é necesario realizar estudos en cada ría e en cada caso que permitan reverter, na medida do posíbel a destrución provocada. Isto implica non renunciar a ningunha medida, incluíndo as dragaxes. Este tipo de actuacións que son sempre postas en dúbida pola administración, non teñen ningún impedimento en as realizar nas zonas portuarias debido ao interese económico destas instalacións.

3. REXENERACIÓN PRODUTIVA.

3.1. Recuperación zonas improdutivas e de baixo rendemento. Xa falamos no punto anterior da necesidade de recuperación de zonas danadas. Ademais da perda da riqueza medio ambiental, é doloroso comprobar a existencia de zonas hoxe improdutivas que hai pouco tempo daban sustento a moitas postos de traballo no marisqueo a pé e a frote. A recuperación dos bancos marisqueiros é esencial para recuperar a economía. Para isto será necesario, segundo a situación de cada zona, acometer as medidas necesarias, desde modificación e eliminación de infraestruturas a dragaxes o simples mellora de substrato con aporte de area. As medidas a realizar serán as precisas para cada lugar e estudando o medio e forma mais acaida para a súa realización. O obxectivo será a recuperación da maior extensión posíbel de zonas improdutivas e/ou degradadas posíbeis.

3.2. Novos planos de explotación. Opcións de novas especies. Coa recuperación de zonas de produción teremos a oportunidade de desenvolver novos plans de explotación, mais aínda coa situación actual hai que realizar un apoio real desde a administración para a explotación de novas especies. A Consellería do Mar non pode ser como até agora un freo senón que ten que apoiar o estudo da bioloxía de novas especies para coñecer a capacidade de explotación e os mercados existentes para as mesmas. A administración dispón dos recursos precisos para levar a cabo os estudos necesarios, poñerse en contacto, ou facilitar o mesmo á xente interesada do sector, con outros lugares onde xa exista explotación de recursos aquí non explotados, e debe de ser tamén pioneira en buscar novas posibilidades.

3.3. Aproveitamento e transformación de cunchas e refugallos de moluscos bivalvos. Tendo en conta que Galiza é unha das principais produtoras do mundo de moluscos bivalvos, nomeadamente mexillóns, e que aínda a día de hoxe a súa reciclaxe e reutilización non están suficientemente asentadas, establecerase unha liña de actuación destinada a investigar, reutilizar e transformar para outros usos a cuncha e refugallos procedentes dos moluscos bivalvos, así como para a súa comercialización.

PROPOSTA BNG PARA A RECUPERACIÓN PRODUCTIVA DAS RÍAS GALEGAS. Fondos UE-Covid

3.4. Capacidade de autosuficiencia na obtención de semente autóctona de bivalvos. Non resulta lóxico que, sendo Galiza unha potencia (en cantidade e calidade) na produción marisqueira, non posúa capacidade de xeración, por si propia, de semente de moluscos bivalvos, e dependa doutros países para a súa subministración. É imprescindible, vital, posuír plena autosuficiencia na produción de semente para recuperar as zonas que por calquera circunstancia o precisen: por condicións climáticas extremas que alteren ou danen os bancos naturais, por accidentes de calquera tipo, ou por zonas con fixación deficiente de semente.

Neste momento as especies autóctonas están en recesión, e é preciso contar cunha reserva xenética suficiente de cada unha destas especies para poder afrontar coa maior seguranza calquera posibilidade de aparición de doenzas, parasitos ou simples factores externos que aumenten a mortalidade. A proposta pasar por conformar un Ente Mixto (Xunta+sector produtivo) que instale unha rede de granxas de produción de semente de moluscos bivalvos (“hatcheries”) no noso litoral, co fin de surtir os bancos marisqueiros que o precisaren.

3.5. Reservas mariñas. É un feito comprobado cientificamente, que as reservas mariñas ademais de seren zonas que manteñen o ecosistema mariño en condicións idóneas, tamén favorecen a todo o contorno. As áreas próximas ás reservas mariñas melloran a súa produción marisqueira e pesqueira. É preciso establecer, de acordo co sector, unha rede de reservas e santuarios mariños ao longo de toda a costa galega, porque ademais de mellorar o rendemento produtivo é imprescindible preservar zonas onde fauna e flora podan manterse fóra da actuación humana, para garantir a biodiversidade e a reprodución, tanto xenética, como de especies e de ecosistemas.

3.6. Control de doenzas. Aínda que sempre é posíbel a incidencia de doenzas e parasitos, nun medio contaminado e estresado como o noso, esta incidencia será maior. O primeiro paso polo tanto consistirá na mellora dos hábitats e a creación de reservas. Mais é necesario levar un control continuado do estado das poboacións mariñas para estar atentos aos primeiros síntomas de aparición de novas doenzas ou procesos de exacerbación dalgunha xa coñecida. A coordinación entre o sector e os centros de investigación é fundamental. Tamén xogan aquí un papel importante as hatcheries para desenvolver cepas resistentes e recuperar as zonas danadas. Hai outro factor a ter en conta: as doenzas humanas que se poden detectar a través das análíticas realizadas no seguimento dos bancos marisqueiros, particularmente co SARS-CoV-2 que é detectado (aínda que non activo) en bivalvos, e está servindo para facer seguimento indirecto da incidencia deste virus.

3.7. Control especies invasoras. Un dos grandes problemas causados pola globalización é a dispersión por todo o planeta de especies fora do seu hábitat

PROPOSTA BNG PARA A RECUPERACIÓN PRODUTIVA DAS RÍAS GALEGAS. Fondos UE-Covid

habitual. Hai aínda o problema causado pola introdución voluntaria de especies alóctonas de rápido crecemento sen valorar previamente o seu impacto. Hoxe, por unha ou outra causa, temos nas nosas costas especies que ao carecer de depredadores que as limiten, están causando serios problemas para as especies autóctonas. Máis grave é aínda cando algunha destas especies foi introducida deliberadamente pola Consellería do Mar. A ostra rizada (*Magallana gigas*) está en plena expansión de norte a sur da nosa costa, arrasando con algas e animais que se fixan nas rochas, e en concreto está a provocar unha baixada espectacular do mexillón. A ameixa xaponesa (*Ruditapes philippinarum*), introducida pola Consellaría do Mar é hoxe a especie de bivalvo de maior produción, o “eucalipto do mar”, de rápido crecemento, resistente a todo, mais baixa calidade e prezo. Outros moluscos como a *Crepidula fornicata* ou a *Crepidatella dilatata*, causan perdas especialmente nos pectínidos. Ten que haber un control destas especies alleas que afectan á flora e fauna da nosa costa, e se non é posíbel erradicalas, si tratar de conter a súa expansión. E desde logo, desde o goberno galego debera optarase sempre por recuperar as especies autóctonas, sendo estas obxectivo prioritario. Inclúese aquí unha liña específica de investigación, control e erradicación de especies invasoras, prexudiciais para o delicado ecosistema mariño galego.

3.8. Investigación. Existen na Galiza varios centros de investigación mariña, dependentes do estado, da Xunta ou das universidades galegas, e na maior parte dos casos non existe coordinación entre eles nin co sector. É imprescindible, para mellorar o rendemento dos recursos e o traballo do persoal de investigación, coordinar, crear sinerxias de traballo e aumentar o orzamento adicado a investigación, e que todos os centros sexan de dependencia galega. Ademais da investigación científica, pura e dura, tamén ten que existir coordinación co sector para poder tirar rendemento o sector do traballo investigador realizado, e a investigación chegar a onde o sector o fai. A proposta é a de conformar un Consorcio para a coordinación e o traballo en rede de todos os centros de investigación (Universidades, CETMAR, IEO, CSIC, INTECMAR, CECOPECA, liñas de confrarías e sector, etc.) co obxecto de dispor do maior complexo científico tecnolóxico europeo de estudo e coñecemento do mar, dedicado a:

- Estudo e investigación da contaminación
- Investigación do cambio climático en relación co mar e as rías
- Investigación sobre usos de produtos do mar (alimentación, estética, biomedicina, biomateriais...)
- Investigación e innovación en relación coa construción naval e novos prototipos (buques non tripulados para investigación, loita contra a contaminación...)
- Estudos de apoio a sectores produtivos relacionados co mar...
- Desenvolvemento de sistemas de monitoreo e obtención de datos e tratamento mediante BIG DATA

PROPOSTA BNG PARA A RECUPERACIÓN PRODUTIVA DAS RÍAS GALEGAS. Fondos UE-Covid

Este Consorcio tería como base o Campus do Mar da Universidade de Vigo, que podería ter a súa sede na antiga ETEA.

4. COMERCIALIZACIÓN.

4.1. Obtención de valor acrescentado. Sistema de primeira venda. De pouco serve ter o mellor produto do mundo se despois non somos capaces de o vender adecuadamente. A unificación de lonxas, a procura de mercados, nos que é fundamental o papel do goberno galego, e a posibilidade de venda directa, son fundamentais para tirar o maior rendemento posíbel de produtos que actualidade enriquecen a intermediarios ou vendedores externos ao mundo do mar. Só unha aposta decidida por estas tres premisas, con a implicación real da administración fará posíbel que a riqueza que xera o noso mar fique na nosa terra.

4.2. Sociedade mixta (pública/sector produtivo) galego comercializador. Promoción do produto galego. Sabemos da calidade dos nosos produtos mais para entrar nos mercados ademais de ter un bo produto hai que vendelo. O destino dos alimentos é o consumo final, con maior ou menor transformación, mais é no dominio da comercialización e distribución onde se centra o principal do beneficio económico. E é ese, por tanto, a parte do proceso que interesa controlar sumada á produción mesma.

Dispor e controlar a primeira parte do proceso, o da produción material, non é suficiente garantía para controlar o máximo segmento de mercado. O que garante realmente a máxima porción de mercado é ter capacidade de xestionar/condicionar o prezo de venda dos alimentos, neste caso mariños, que saen da Galiza. Daquela, a proposta é a creación dunha sociedade mixta que leve a cabo a comercialización de xeito competitivo das diferentes mercadorías que compoñen o conxunto de alimentos da pesca, coas seguintes funcións:

- Elaborar unha marca, poñela en funcionamento e sostela no mercado, sempre tendo en conta que a vía de éxito para os nosos produtos é profundizar na súa característica singular de produtos propios, neste caso a dos produtos galegos do mar (peixe e marisco fresco da ría, pescada galega certificada de portos galegos, conservas e novos transformados únicos ...). Identificación do produto galego na etiquetaxe.
- Levar a cabo os controis de mercado, para impedir as mesturas dun produto de orixe e características coñecidas con outros de procedencia descoñecida.
- Facer o seguimento efectivo dos elos da cadea comercializadora, así como buscar acordos cos profesionais, cos distribuidores e grandes compradores (conserva, transformadores, supermercados,

PROPOSTA BNG PARA A RECUPERACIÓN PRODUTIVA DAS RÍAS GALEGAS. Fondos UE-Covid

hipermercados, mercas e horecas) para lograr vías de acordo e colaboración.

- Aposta polas Denominacións de orixe Protexida (DOP's).
- Proxección internacional e promoción dos produtos do mar da Galiza.

4.3. Industria de transformación e elaboración. Garantir identificación galega contrastada dos produtos na industria conserveira. Gran parte do valor engadido da pesca e o marisqueo obtense da transformación e elaboración dos produtos do mar. Temos no noso país unha das maiores industrias conserveiras do planeta, que ten un cluster e funciona como unha maquinaria de reloxo, mais debe enraizarse en maior medida coa produción propia do país. Un exemplo claro témolo no que ocorre co mexillón. Para que sexa posíbel a promoción e venda de produtos propios ten que ser obrigatoria a identificación clara da orixe galega, no que saírían beneficiados todos, desde produtores a transformadores. Mais iso precisa que o goberno galego aposte claramente pola defensa do propio.

4.4. Enerxías renovábeis e aforro enerxético en instalacións públicas do sector pesqueiro e marisqueiro. Tendo en conta o tipo de actuacións que son preferentes para os fondos covid da UE (modernización, innovación, loita contra cambio climático, etc.), e que a produción de enerxía limpa e sustentábel contribúe á redución de emisións contaminantes, busca cada vez a menor dependencia do petróleo e é o principal factor de eficiencia ou aforro enerxético, optárase por enerxías renovábeis (paneis solares e outros) con elementos de aforro enerxético nas instalacións públicas do complexo mar-industria (lonxas, portos, frigoríficos, naves, etc., negociación tamén para os portos do Estado) que permitan un aforro efectivo tanto á administración como aos usuarios, ademais dos beneficiosos efectos medioambientais.

PROPOSTA BNG PARA A RECUPERACIÓN PRODUCTIVA DAS RÍAS GALEGAS. Fondos UE-Covid

ANEXO. ORIENTACIÓN ORZAMENTARIA POR LIÑAS DE ACTUACIÓN.

Actuacións de depuración (urxentes) nos ríos	150.000.000 €
Control de verteduras nos ríos	2.000.000 €
Plan de depuración e saneamento das rías	500.000.000 €
Recuperación de espazos danados por obras públicas no mar	200.000.000 €
Estudos sobre o control da calidade das augas das rías	1.000.000 €
Rexeneración de substratos e dragaxes	100.000.000 €
Recuperación de zonas improdutivas	55.000.000 €
Novos planos de explotación marisqueira	2.000.000 €
Plano de aproveitamento de cunchas e refugallos	3.000.000 €
Plano de autosuficiencia na semente autóctona	15.000.000 €
Apoio ás reservas mariñas	4.000.000 €
Programa de control de doenzas	1.000.000 €
Control de especies invasoras	2.000.000 €
Investigación	32.000.000 €
Obtención de valor acrescentado na comercialización	5.000.000 €
Sociedade mixta de comercialización do produto galego	12.000.000 €
Industria de transformación e elaboración	8.000.000 €
Enerxías renovábeis e aforro enerxético	4.000.000 €
TOTAL	1.096.000.000 €